

: AXENDA CULTURAL : : DO MES DE AGOSTO 2025 :

- As actividades seguintes son as programadas,
- aínda que pode haber modificacións de última hora.

EXPOSICIÓNS

Do 1 ao 30, terá lugar a **exposición** con motivo do 150 aniversario do primeiro Globo de San Roque de Claudino Pita Pandelo, Betanzos 1875-2025, titulada **“Globo de Betanzos. Estrela fugaz”**, da que é autor o betanceiro Luis Galán, na Sala Jesús Núñez do edificio Arquivo. Horario de visitas de 10:00 h a 14:00 h e 19:00 h a 21:00 h de martes a venres e de 11:30 h a 14:00 h e de 19:00 h a 21:00 h os sábados. Organiza o Concello de Betanzos.

Ata o 30, terá lugar a **exposición titulada “GRÁFICA 1985-2025, 40 AÑOS DE CURSOS DE VERANO”** homenaxe ao profesorado dos diferentes curso de verán, na Sala de Exposicións Temporais da Sede da Fundación CIEC, de martes a venres en horario de 10:00 h a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h.

Do 1 ao 30, terá lugar a **exposición do XIX Premio Internacional de Arte Gráfico Jesús Núñez 2024**, na sede da Fundación CIEC, de martes a venres en horario de 10:00 h a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h. Organiza a Fundación CIEC coa colaboración da Deputación da Coruña.

ACTIVIDADES

Luns 4, ás 20:30 h terá lugar o **acto de inauguración da exposición** con motivo do 150 aniversario do primeiro Globo de San Roque de Claudino Pita Pandelo, Betanzos 1875-2025, titulada **“Globo de Betanzos. Estrela fugaz”**, da que é autor o betanceiro Luis Galán, na Sala Jesús Núñez do edificio Arquivo. Organiza o Concello de Betanzos.

Martes 5, ás 11:00 h desenvolverase un **“Paseo turístico na Diana Cazadora”**, para prazas limitadas por orde de inscrición previa e compra do billete, con punto de saída no paseo da Tolerancia. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. Organiza o Concello de Betanzos.

Mércores 6, ás 10:30 h no Museo das Mariñas, desenvolverase a **visita *Os ferros que nunca miraches en Betanzos***, por conta de Daniel L. Teijeiro e Xesús Fraga, dentro da programación da Universidade Popular de Betanzos. Asistencia de balde, para máis información e inscricións 981 773 693 e museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos coa colaboración da Deputación da Coruña, da Xunta de Galicia e da Unidad Pastoral de Betanzos.

Xoves 7, ás 10:30 h no Museo das Mariñas, desenvolverase o **obradoiro *Corpo-territorio: resignificando a miña vida e os meus espazos***, por conta de Ara Romero, dentro da programación da Universidade Popular de Betanzos. Asistencia de balde, para máis información e inscricións 981773693 e museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos coa colaboración da Deputación da Coruña, da Xunta de Galicia e da Unidad Pastoral de Betanzos.





Xoves 7, ás 11:00 h desenvolverase un **“Paseo turístico na Diana Cazadora”**, para prazas limitadas por orde de inscrición previa e compra do billete, con punto de saída no paseo da Tolerancia. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. Organiza o Concello de Betanzos.


Martes 9, ás 10:00 h no Museo das Mariñas, desenvolverase a **terceira sesión** baixo o **título *Barroco e Neoclasicismo***, por conta de Pedro Galilea, como parte do **Curso de introdución á historia da arte** dentro da programación da Universidade Popular de Betanzos. Asistencia de balde, para máis información e inscricións 981 773 693 e museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos coa colaboración da Deputación da Coruña, da Xunta de Galicia e da Unidad Pastoral de Betanzos.

Os días 11, 12 e 13, desenvolverase o **“Obradoiro de formación tecnolóxica maker”**, dirixido á rapazada de 12 a 18 anos, en horario de 10:00 h a 12:30 h. Levarase a cabo na Aula CeMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) do Concello situada na rúa Emilio Romay n.º 1. Para máis información e inscricións na propia aula. Organiza o Concello de Betanzos.

Martes 12, ás 10:00 h no Museo das Mariñas, desenvolverase a **cuarta sesión** baixo o **título *Contemporaneidade***, por conta de Pedro Galilea, como parte do **Curso de introdución á historia da arte** dentro da programación da Universidade Popular de Betanzos. Asistencia de balde, para máis información e inscricións 981 773 693 e museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos coa colaboración da Deputación da Coruña, da Xunta de Galicia e da Unidad Pastoral de Betanzos.

Martes 12, ás 11:00 h desenvolverase un **“Paseo turístico na Diana Cazadora”**, para prazas limitadas por orde de inscrición previa e compra do billete, con punto de saída no paseo da Tolerancia. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. Organiza o Concello de Betanzos.





Mércores 13, ás 19:00 h no Museo das Mariñas, desenvolverase a **visita *As viaxes agochadas de Santa María do Azougue***, por conta de Julián Ferrer, dentro da programación da Universidade Popular de Betanzos. Asistencia de balde, para máis información e inscricións 981 773 693 e museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos coa colaboración da Deputación da Coruña, da Xunta de Galicia e da Unidad Pastoral de Betanzos.

Mércores 13, ás 20:00 h, na igrexa de Santiago, terá lugar o **Concerto Cidade de Betanzos**, no que intervirán a Coral Polifónica de Betanzos, a Agrupación Musical Carlos Seijo e a Banda Municipal de Música do Concello de Betanzos. Organiza o Concello de Betanzos.

**Entre o
14 e o 25,**

*festas
patronais*

Mércores 20, ás 10:30 h no Museo das Mariñas, desenvolverase o **obradoiro *A invención dos pololos. Traxe folclórico, tradicional e cosmopolita no Museo das Mariñas***, por conta de Sara Fraga, dentro da programación da Universidade Popular de Betanzos. Asistencia de balde, para máis información e inscricións 981 773 693 e museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos coa colaboración da Deputación da Coruña, da Xunta de Galicia e da Unidad Pastoral de Betanzos.

Xoves 21, ás 10:30 h no Museo das Mariñas, desenvolverase a **visita *Artes e artistas en Betanzos***, por conta de Ángel Arcay, dentro da programación da Universidade Popular de Betanzos. Asistencia de balde, para máis información e inscricións 981 773 693 e museodasmarinas@betanzos.net. Organiza o Concello de Betanzos coa colaboración da Deputación da Coruña, da Xunta de Galicia e da Unidad Pastoral de Betanzos.

Xoves 28, ás 11:00 h desenvolverase un **“Paseo turístico na Diana Cazadora”**, para prazas limitadas por orde de inscrición previa e compra do billete, con punto de saída no paseo da Tolerancia. Para máis información e inscricións na propia Oficina situada na praza de Galicia 1, no teléfono 981 776 666 e no enderezo electrónico turismo@betanzos.gal. Organiza o Concello de Betanzos.



SÁBADO 9 DE AGOSTO
NO PAVILLÓN DO MUNICIPAL DO CARREGAL

XXXIX TROFEO SAN ROQUE DE FÚTBOL SALA

21.00 H - FINAL DE CONSOLACIÓN

22.00 H - GRAN FINAL



Concello de
Betanzos





XVI Torneo

SAN ROQUE

Cidade de Betanzos

Domingo 10 de agosto de 2025

Às 16.00 h no Edifício do Matadouro

**Torneo
valedreiro para
Elo FIDE rápidas**

INSCRICIÓN:

E-mail: veiras8@hotmail.com

ou no teléfono

652 696 531

Patrocina:



LUGAMI
Artes Gráficas

Colaboran:



**CONCELLO DE
BETANZOS**



IX TROFEO FESTAS DO SAN ROQUE

DOMINGO 10 AGOSTO 2025
9:30 h. Zona Pasatempo - Betanzos



CIRCUITO GALEGO DE ESCOLAS - Categorías:
Promesa Fem. - Promesas | Principiante Fem. - Principiante
Alevín Fem. - Alevín | Infantil Fem. - Infantil
Cadete Fem. - Cadete | Junior Fem. - Junior

ORGANIZA:



COLABORA:



BECAANI
SOLUCIONES INDUSTRIALES

PUEBLOS PEQUEÑOS S.L.

inetrón

grelo

Vilar do Colo
SUSTENTACIÓN

HYUNDAI
Automóviles

OXIDINE
Vinos de Portugal

Bropemor

Olipes
The Professional Club



BETANZOS SUPPLEMENT
NUTRICIÓN DEPORTIVA

METALWORK
FARMACIA

miúdo estudio

PORTO de Paula

Visami
Barridos y Mantenimiento



maita miga

AUTODIAGNÓSTICO PIRELLI

TALLERES GONZÁLEZ
OUTRAGE

Pabellón Municipal José María Valeiro Iglesias "Tocayo"

Competición Masculina • Femenina

7€ por jugador

Concurso de triples

Habrà muchos sorteos

10 agosto



BETANZOS BALONCESTO



© 2013 BETANZOS





Concello de
Betanzos

II XORNADAS PORTAS ABERTAS DE PIRAGÜISMO

CONCELLO DE BETANZOS

Festas de San Roque



**14 e 21
de agosto**

3 QUENDAS:

De 16.00 a 16.45 h

De 17.00 a 17.45 h

De 18.00 a 18.45 h

PRAZAS LIMITADAS:

90 cada día - 30 por quenda

Idades 7-14 anos

Imprescindible saber nadar

COLABORA:



FÚTBOL

LVII TROFEO SAN ROQUE

ESTADIO MUNICIPAL GARCÍA HERMANOS

VENRES

15

AGOSTO

HORA

19:00

BETANZOS CF

vs

SILVA SD

xoves 14

Comezan as festas do San Roque 2025

12:00 h Badaladas e repenique de campás na torre municipal. Salva de vinte e unha bombas de ordenanza que indicará o inicio das festas patronais do San Roque 2025.

Actividade deportiva

16:00 h Xornada de portas abertas de piragüismo, para nenos e nenas de 7 a 14 anos. Será imprescindible que os nenos e nenas saiban nadar.

Nomeamento do representante das festas

20:15 h A comitiva sairá do edificio Arquivo. Formarán parte desta a Escola Municipal de Folclore e o Grupo Azogue, o grupo de gaitas Os Brigantinos, as Danzas Gremiais Xóvenes do Pobo con danzas de mariñeiros e labradores de maiores, nenas e nenos, o representante das festas e os seus e as súas acompañantes; o pegoieiro, que nesta ocasión será o betanceiro **ÓSCAR GILSANZ GONZÁLEZ**, adestrador de fútbol que dirixiu ao R.C. Deportivo da Coruña na tempada 24/25 , a corporación local escoltada pola garda da Policía Local e unha escuadra do rexemento de Betanzos, os alguacís seguidos de personalidades e a Banda Municipal de Música. O percorrido transcorrerá pola rúa Emilio Romay, a estrada de Castela, a Porta

SAN ROQUE 2025

da Vila e a rúa do Castro ata chegar á praza da Constitución.

20:30 h Na praza da Constitución, a alcaldesa de Betanzos, María Barral Varela, nomeará ao representante das festas do San Roque 2025, o mozo betanceiro **HUGO SUÁREZ BLANCO**. Logo terá lugar a lectura do pregón e, a continuación, a alcaldesa disparará o garelazo 2025 e liberaranse as pombas que simbolizan a paz e a liberdade. Unha vez rematado este acto, a alcaldesa e a corporación local ofreceranlle unha recepción ao pregoeiro das festas, ao representante e ás súas e aos seus acompañantes. Tras finalizar a recepción, a comitiva sairá para percorrer de novo as rúas da cidade ata chegar ao Edificio Arquivo.

Actuación musical

23:00 h Actuación na praza dos Irmáns García Naveira do grupo

AMÉRICA SL

venres 15

Continúa a tradición...

12:00 h Badaladas e repenique de campás na torre municipal. Salva de vinte e unha bombas de ordenanza. Alboradas polas rúas de Betanzos a cargo dos **Brigantinos**.

Competición deportiva

19:00 h No estadio García Irmáns disputarase a LVII Edición do Trofeo San Roque de Fútbol entre os equipos Betanzos CF e Silva S.D.

Nomeamento da representante infantil das festas

18:30 h Saída da comitiva da representante infantil das festas do edificio Arquivo. Formarán parte dela a Escola Municipal de Folclore e o Grupo Azougue, o grupo de gaitas Os Brigantinos, as Danzas Gremiais Xóvenes do Pobo con danzas de mariñeiros e labradores, de maiores, nenas e nenos, a representante infantil das festas, os e as acompañantes desta, o pregoeiro, que nesta ocasión será o mozo betanceiro **MARIO SILVA PÉREZ**, a corporación local escoltada pola garda da Policía Local, unha escuadra do rexemento de Betanzos e os alguacís seguidos de personalidades, así como a Banda Municipal de Música. O percorrido transcorrerá pola rúa Emilio Romy, a estrada de Castela, a Porta da Vila, a rúa do Castro e a praza da Constitución.

SAN ROQUE 2025

18:45 h A alcaldesa, María Barral Varela, nomeará á representante infantil das festas do San Roque 2025, a nena betanceira **INÉS SEOANE GARCÍA**. Deseguida, terá lugar a lectura do pregón infantil das festas. Posteriormente, na sala capitular da Casa do Concello, a alcaldesa e a corporación local ofrecerán unha recepción ao pregoeiro infantil, á representante infantil das festas e aos e ás acompañantes desta.

Acto relixioso

19:25 h Saída da corporación local. As autoridades e as persoas convidadas, acompañadas pola Banda Municipal de Música, dirixiranse á igrexa de Santa María do Azougue, copatroa da cidade, onde terá lugar unha misa solemne cantada pola Coral Polifónica de Betanzos. Tras finalizar a misa, a comitiva de grupos folclóricos acudirá en procesión cara á igrexa de San Domingos e portará a imaxe de Santa María. Logo, a comitiva volverá de novo á Casa do Concello.

Verbena popular

23:00 h Actuación na praza dos Irmáns García Naveira da orquestra:

PANORAMA

sábado 16

12:00 h Badaladas e repenique de campás na torre municipal. Salva de vinte e unha bombas de ordenanza. Alboradas polas rúas de Betanzos a cargo dos **Brigantinos**.

Acto relixioso

19:00 h Concentración de conxuntos musicais e artísticos na praza da Constitución para participar no desfile da Función do Voto, que terá lugar na igrexa de San Domingos. A misa solemne será de novo cantada pola Coral Polifónica de Betanzos. A comitiva oficial, presidida pola alcaldesa, partirá da Casa do Concello e formarán parte dela a corporación local, a representante das festas e os seus e as súas acompañantes, a representante infantil das festas e os seus e as súas acompañantes, unha escuadra do rexemento de Betanzos, a Policía Local, maceiros e alguacís, a Banda Municipal de Música de Betanzos, a Escola Municipal de Folclore e o Grupo Azougue con danzas de xastres e zapateiros, o grupo de gaitas Os Brigantinos, mómáros e cabezudos, así como as Danzas Gremiais Xóvenes do Pobo con danzas de mariñeiros e labradores de maiores e nenas e nenos. O percorrido terá lugar pola rúa do Castro, a Porta da Vila e a praza dos Irmáns García Naveira ata chegar á igrexa de San Domingos. Ao remate do acto litúrxico, retornarán á praza da Constitución, onde cada agrupación musical e folclórica ofrecerá un tema do seu repertorio.



SAN ROQUE 2025

Verbena popular

22:30 h Actuación musical na praza dos Irmáns García Naveira a cargo do

GRUPO RITMO

O Globo de San Roque

23:30 h A orquestra deixará de soar. Unha bomba de palenque anunciará a saída do Globo de Betanzos desde o cinema Alfonsetti para proceder a inchalo.

Rematado o proceso de preparación e inchado, o aerós-tato portador da ledicia e o orgullo de toda a cidadanía betanceira, o Globo de San Roque (o globo de papel máis grande do mundo), atravesará a noite betanceira. A tradición verase cumprida un ano máis.

A continuación terá lugar o encendido da fachada de San Roque e unha sesión de fogos artificiais en honra ao patrón da cidade. Unha vez rematada esta continuará a verbena para celebrar a noite máis grande para todos os betanceiros e betanceiras.

Neste día de previsible afluencia masiva de xente á nosa cidade, a Cruz Vermella e o Concello de Betanzos porán a disposición das persoas asistentes, de xeito gratuíto, un servizo de localización de nenos/as perdidos/as entre as 19:00 h do día 16 e a 22:30 h na praza dos Irmáns García Naveira.

Betanzos

17
agosto
11.00 h

18ª Xornada
Campo de fútbol do Carregal

ABERTO DE BILLARDA

V aberto de San Roque

billarda



**SAN
ROQUE**
2025

domingo 17

Competición deportiva

11:00 h No estadio do Carregal disputárase o V Aberto de Billarda de San Roque.

Actuación musical

21:30 h Na praza dos Irmáns García Naveira terá lugar un emocionante musical en directo, para toda a familia, que percorrerá a historia de Disney mediante unha viaxe polos seus clásicos e polos seus éxitos mais recentes. Con vostedes

LA BANDA SONORA DISNEY TRIBUTE

COLABORA

GADIS



Iuns 18

I xira fluvial aos Caneiros

Inicio da romaría

12:00 h Salva de vinte e unha bombas de ordenanza. Comezo dos embarques no peirao do Paseo da Tolerancia. A **Charanga NBA** e a **Charanga DGT** animarán ás romeiras e aos romeiros. No Campo dos Caneiros haberá animación musical a cargo de **Dj Sebas** e tamén estará a propia **Charanga NBA** para que a festa sexa completa.

16:30 h Saída da embarcación municipal cara ao Campo dos Caneiros co representante das festas e os seus e as súas acompañantes, así como representantes da Corporación local.

23:00 h Ao regreso dos Caneiros haberá unha sesión de fogos pirotécnicos de carácter tanto acuático como aéreo na Ponte Vella.

Verbena popular

23:30 h Rematou a romaría mais a festa continúa. A orquestra encargada de amenizar o resto da noite na praza dos Irmáns García Naveira será:

NEW YORK



martes 19

18:00 h Xornada de prezos reducidos nas atraccións. O Concello de Betanzos, en colaboración coas atraccións das festas e para o goce de todas as nenas e os nenos, pon á súa disposición as diferentes atraccións a un prezo máis económico do habitual.

Actuación musical

22:30 h Na praza dos Irmáns García Naveira terá lugar a actuación musical dun dos artistas mais destacados do panorama musical galego. Un artista atípico que se inspira nos pequenos sabores da música de raíz, pero sempre coa intención de crear unha música con estilo propio. Trátase de

BUDIÑO

Festas infantís

20 e 21 de agosto de 2025

Ás 17:00 h no Pasatempo

**en caso de mal tempo ou choiva
pistas cubertas do Carregal**



CONCELLO DE
BETANZOS

COLABORA

GADIS

**SAN
ROQUE**
2025

mércores 20

17:00 h Festa infantil no auditorio do Pasatempo con inchables por conta da empresa Galiocio.
En caso de mal tempo ou choiva esta festa terá lugar nas pistas anexas ao polideportivo municipal.

COLABORA

GADIS

Actuación musical

22:30 h Na praza da Constitución concerto dun grupo betanceiro formado por músicos de ampla traxectoria procedentes doutros proxectos musicais. O seu estilo apóiase na base dun r&r sin concesións, salpicado de hard e punk rock. Claro que sí, eles son

DR. GARIMBA



TRIANGULAR XUVENIL

21 agosto 2025

Dende as 17:00

Betanzos CF A

Betanzos CF B

AD MIÑO



Campo de fútbol O
Carregal



xoves 21

Competición deportivas

16:00 h Segunda xornada de portas abertas de piragüismo, para nenos e nenas de 7 a 14 anos. Será imprescindible que os nenos e nenas saiban nadar.

17:00 h No estadio do Carregal terá lugar un triangular de fútbol xuvenil no que participarán os equipos Betanzos CF A, Betanzos C.F B e AD Miño.

17:00 h Segunda xornada da festa infantil no auditorio do Pasatempo con inchables por conta da empresa Galiocio. Se as condicións climáticas o permiten, esta xornada rematará coa tradicional festa da escuma. Vinde preparados/as! En caso de mal tempo ou choiva, esta festa terá lugar nas pistas anexas ao polideportivo municipal.

COLABORA

GADIS

Actuación musical

22:30 h Na praza dos Irmáns García Naveira actuación da orquestra

OLYMPUS



5^a cucaña **BETANCEIRA**

22 AGOSTO

A PARTIR DAS 17:00 H

PASEO DA TOLERANCIA



CONCELLO DE
BETANZOS

BETANZOS
tan cerca



Cruz Roja
BETANZOS



Deputación
DA CORUÑA

**SAN
ROQUE**
2025

venres 22

Competicións deportivas

17:00 h No Paseo da Tolerancia terá lugar a tradicional cucaña betanceira.

Actuación musical

22:30 h Na praza dos Irmáns García Naveira actuación da orquestra

CAPITOL

FÚTBOL

XV TROFEO CIDADE DE BETANZOS

ESTADIO MUNICIPAL GARCÍA HERMANOS

SÁBADO

23

AGOSTO

HORA

19:00

BETANZOS CF

vs

AD MIÑO

sábado 23

Competicións deportivas

10:00 h Exhibición de Taekwondo do San Roque no pavillón municipal.

19:00 h XV Trofeo de fútbol cidade de Betanzos no estadio García Irmáns entre os equipos Betanzos CF e AD Miño.

Actuacións musicais

22:30 h Na praza dos Irmáns García Naveira comenzará unha noite que nos levará a repasar os grandes éxitos da música española dende o particular punto de vista dun grupo de sobras coñecido na nosa cidade

LOS ALCÁNTARA

A continuación betanceiras, betanceiros e visitantes poderemos disfrutar dun espectáculo que foi recoñecido pola prensa especializada como un dos mellores musicais/tributo a un dos grupos mais icónicos da música do século XX. Con todos nós

ABBA
THE NEW EXPERIENCE

COLABORA

GADIS

CARREIRA POPULAR DE SAN ROQUE 2025

BETANZOS

**DOMINGO
24-08-25**

**CARREIRA 6K
ANDAINA 5K
PEQUE-RUN**

HORA DE SAÍDA

10:30 PEQUE-RUN

11:00 CARREIRA

11:05 ANDAINA

**INSCRIPCIÓNS EN:
WWW.CRONOTECES**

ORGANIZA:



**SAN
ROQUE**
2025

domingo 24

Competición deportiva

10:30 h XXIII Carreira, andaina e peque-run Popular de Betanzos con saída e meta nas inmediacións do Carregal.

Día de San Paio. Conxuntos de gaitas e sesión vermú co Dúo MARACAIBO na romaría de Tiobre.

Competición deportiva

18:30 h No do estadio do Carregal disputarase o XXI Torneo de Veteranos de Betanzos entre os equipos, Beat Street Iris, Betanzos - Norte e Piadela.

Actuación musical

22:30 h Na praza dos Irmáns García Naveira actuación dun grupo que se caracteriza por musicalizar, con tendencia ao rock sinfónico, poemas de autores galegos como Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro ou Castelao.

ASTAROT



luns 25

II xira fluvial aos Caneiros

Comeza a romaría

12:00 h Salva de vinte e unha bombas de ordenanza. Comezo dos embarques no peirao do Paseo da Tolerancia. Animarán ás romeiras e aos romeiros a **Charanga NBA** e a **Charanga DGT**. Xa no Campo dos Caneiros, haberá animación musical a cargo de **Dj Sebas** e tamén estará a propia **Charanga NBA** para que a festa sexa completa.

16:30 h Saída da embarcación municipal cara ao Campo dos Caneiros con representantes das diferentes asociacións betanceiras e personalidades convidadas.

23:00 h Ao regreso dos Caneiros, será ofrecida na Ponte Vella unha sesión de fogos pirotécnicos de carácter tanto acuático como aéreo.

Actuación musical

23:30 h Rematou a romaría, mais a festa continúa. A orquestra encargada de amenizar o resto da noite na praza dos Irmáns García Naveira será:

PARÍS DE NOIA

Calendario de orquestras

xoves

14



venres

15



sábado

16



luns

18



SAN ROQUE

2025

xoves

21



venres

22



luns

25

